

Embaixada eTwinning Galicia

Estimados eTwinners:

Énos moi grato escribivros para darvos a coñecer a que pretende ser a nosa plataforma de traballo, un lugar no que, os que temos a sorte de ter sido nomeados Embaixadores eTwinning en Galicia, poñémonos a disposición de todos os que nos requiran para dar información ou servir de asesoramento... e...



como non?, de revulsivo a todas aquelas ilusións inculcadas, encarnadas en profesores, que persiguen ese punto innovador e motivador que tan ben se pode atopar nestas experiencias...

Na nosa plataforma incluímos o contacto directo (embaixada.etwinning@gmail.com) así como unha descrición de quen somos e que facemos... pero pretendemos convertila nun lugar de difusión de ideas desenvolvidas na nosa comunidade, nunha plataforma de recursos e, cun pouco de tempo, nun foro de traballo. Convidámosvos a coñecernos e a que colaboredes coas vosas suxestións e comentarios... Para iso, esperámosvos en "Embaixada eTwinning Galicia" e, ademais, podedes seguirnos en Facebook.

Deseámosvos un curso cheo de novidades, socios, proxectos e...

Setembro, 2011

Embaixada eTwinning Galicia

Carmen Fernández Vázquez · Mela Rodríguez Montegrifo
Susana Vázquez Regueiro · Marcos Vence Ruibal